



ACTA DE 16 DE XUÑO DE 2011, DA COMISIÓN CONXUNTA DE SEGUIMENTO DOS ACORDOS DE ATENCIÓN PRIMARIA (DOG DO 16 DE XUÑO DE 2008)

ASISTENTES:

Pola Administración:

Esperanza Fernández Lago
Directora de Recursos Humanos

Nieves Domínguez González
Directora de Asistencia Sanitaria

Francisco Javier Pena Corredoira
Subdirector xeral de Relacións Laborais,
Réxime Xurídico e Recursos e Reclamacións

Mercedes Castro Seijas
Subdirectora xeral de Planificación, Selección
e Desenvolvemento Profesional

María Ponte García
Xefa do Servizo de Relacións Laborais

Javier García Caeiro
Xefe do Servizo de Análise e Organización de
Postos

Polas organizacións sindicais:

Pola CIG:

M^a Xosé Abuín Álvarez
Victor Vila López
Lois Méndez Pérez
Begoña Peiteado garrido

Por UGT

Javier Martínez Fente
Luis Santiago Jerez Couselo

Por CCOO

Lola González Lorenzo
Emilia Lamas Seoane

En Santiago de Compostela, o 16 de xuño de 2011, reúnese a comisión de seguimento citada no encabezamento, previa convocatoria a todos os seus membros, na que se trataron os seguintes puntos da orde do día:

1.- Aprobación da acta da sesión anterior

Apróbase o contido da Acta da sesión do 9 de xuño de 2011, incorporándose esta aos acordos adoptados na presente sesión.

2.- Adaptación do réxime de voluntariedade por mor da incidencia dos recentes procesos de provisión de prazas

Pola Administración expónse o contexto actual e as súas diferenzas respecto do existente ao tempo de asinar os Acordos de Atención Primaria (DOG 16 de xuño de 2008) cuxa vixencia está prorrogada ata o 31 de decembro de 2011.

Unha vez rematados os recentes procesos de provisión de prazas (OPE e concurso de traslados), cómpre modular e adaptar o réxime de voluntariedade á situación derivada destes procesos.

A este efectos as partes asistentes acordan por unanimidade o seguinte:

a) De conformidade co disposto nos Acordos manterase a vixencia das opcións de voluntariedade materializadas agás nos casos dos profesionais afectados por movementos de ámbito funcional (entre PAC e UAP e viceversa) e de ámbito territorial fora do PAC de referencia, o que se traduce nos seguintes supostos:



Orixe	Destino	Reserva
UAP	UAP do mesmo PAC de referencia	SI
UAP	UAP de distinto PAC de referencia	NON
PAC	O mesmo PAC	SI
PAC	Distinto PAC	NON

b) Autorízase a renuncia ás opcións de voluntariedade que conserven a súa vixencia sempre que o permitan as necesidades do servizo e queda garantida a cobertura asistencial. Estas horas pasarán a formar parte das horas excedentes.

c) A cobertura das horas excedentes desligadas da incentivación que resulten da nova situación determinarase pola Xerencia competente de conformidade co principio de equidade tanto no reparto de horas como na fixación dos horarios do persoal e na distribución dos días do ano e da xornada ao longo do horario do PAC, tendo en conta, así mesmo, os principios de eficiencia na asignación e no emprego de recursos públicos e a dispoñibilidade de aspirantes a vinculacións temporais.

Dentro do anterior marco tenderase a que o persoal que actualmente non teña en vigor unha opción de voluntariedade poida realizar xornada complementaria de ata 230 horas por enriba da súa xornada ordinaria.

d) Na confección dos calendarios o principio de equidade aplicarase a todo o persoal que realice xornada complementaria por enriba da súa xornada ordinaria.

e) No seo da Xunta de Persoal ou Comisión de Centro trataranse os aspectos que atinxen á execución dos presentes acordos.

Santiago de Compostela, 16 de xuño de 2011

Pola administración:

Polas organizacións sindicais:

CIG

UGT

CC.OO

CEMSATSE (SATSE):